



Canta o galo e á churriña
non a deixaba durmir.

“Canto madruga este galo,
non sei se andará algo malo,
hai tempo que non lle falo.
Penso que está namorado.”

Quiquiriquí! Quiquiriquí!

“Esta churra é unha pilla,
é unha pilla esta churriña,
pensa que estou namorado
e quer facerme sufrir.”

Quiquiriquí! Quiquiriquí!

“Xa non lle gusta o meu canto,
ireime a outro galiñeiro,
hei traballar de gaitero,
xa pode durmir tranquila,
xa non me terá que ouvir.”

Quiquiriquí! Quiquiriquí!

E así foi que a pitiña
polo galiño chorou,
moito a faltar o botaba
desde que o galo liscou.

Un día foi na súa busca
e de gaitero o atopou.
Tocaba moi mal a gaita
e a ela non lle gustou.

E o galiño tocaba,
tocaba a gaita e tocou,
tocou unha muiñeira,
colleu a pita e bailou.

“Bótote en falta, galiño
e non me podes faltar,
quéroche dar un biquiño
e ao galiñeiro has tornar.”

E o galo co seu piquiño
un bico lle quixo dar.

-Ca!, dixo ela:

“Antes dime, meu amor.
Que has facer pola noite?”

“Pola noite hei durmir,
e ben tarde espertar.
Pola mañá toco a gaita
e á tardiña hei cantar.”